



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ABEGONDO

Aprobación inicial modificación puntual da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola expedición de documentos

ANUNCIO APROBACIÓN INICIAL

EXPEDIENTE: 2021/X999/000082-2024/G006/000161

O Pleno do Concello de Abegondo, na sesión ordinaria celebrada o día 26 de setembro de 2024, acordou a aprobación inicial da MODIFICACIÓN PUNTUAL DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS.

En cumprimento do disposto no artigo 17 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que apróbase o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días, que contarán desde o día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poida ser examinado e presentadas as reclamacións que estimen oportunas.

Se unha vez transcorrido o devandito prazo non se presentaron alegacións, considerarase aprobado definitivamente o dito acordo.

Abegondo, 30 de setembro de 2024

O alcalde

José Antonio Santiso Miramontes

2024/6837